


D I T A M E

Ditame
3/09

sobre o anteproxecto de
**Lei de modificación da Lei 11/2008,
do 3 de decembro, de Pesca de Galicia**



A P R O B A D O P O L O P L E N O O 2 2 D E O U T U B R O



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 25 de setembro de 2009 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite de urxencia, o anteproxecto de lei de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 25 de setembro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o 28 de setembro de 2009, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 8/09, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 19 de outubro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 4/09, de 22 de outubro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

O anteproxecto de lei sometido a ditame ten por obxecto a modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro de Pesca de Galicia, estruturada nun artigo único que regula noventa e seis modificacións da lei 11/2008.

CONSIDERACIÓN PRELIMINAR

Durante o proceso de elaboración do ditame, o día 15/10/09, os medios de comunicación social fanse eco dun acordo da Xunta de Galicia polo que se aproba e se remite ao Parlamento galego, para a súa tramitación, o proxecto de Lei de Pesca.

Ao mesmo tempo, consultada a información oficial do Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia, ésta indica que o Consello da Xunta reunido ese mesmo día “deu luz verde hoxe ao anteproxecto de Lei de modificación da Lei 11/2008”.

Nesta tesitura, o CES entende que se a Xunta de Galicia aprobou o proxecto de Lei, o fixo sen tomar en consideración o ditame preceptivo deste organismo, que, segundo establece o Lei 6/1995 (art. 5, apartado 1.3, segundo parágrafo), ten un prazo de emisión que en ningún caso será inferior a un mes. A solicitude de ditame foi recibida neste Consello Económico e Social o día 25/09/09. En consecuencia, o CES considera que se produciría un vicio procedimental no proceso de tramitación da norma.

Se, pola contra, a Xunta aprobou (“deu luz verde”) o anteproxecto de Lei, deberíase ter en conta que o ditame preceptivo do CES debe emitirse á vista do anteproxecto definitivo e non sobre un borrador ou documento previo. De ser este o caso, correspondería considerar non emitido o presente ditame, e remitirse ese anteproxecto de Lei a este Consello, abríndose o prazo de un mes para que este organismo cumpra coa súa función legal de ditaminalo preceptivamente.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES reitera a súa opinión sobre a utilización xeralizada do trámite de urxencia, cando este debería reservarse só para aqueles casos nos que realmente concorran razóns que o xustifiquen.

Nesta ocasión, ademais, recibíronse en días consecutivos dous anteproxectos de lei de especial transcendencia para o país, solicitándose para os dous a tramitación urxente. Inda mais, os dous ditames corresponde que sexan elaborados pola mesma Comisión Sectorial.

Insistimos por tanto na apreciación de que a elaboración e tramitación dun ditame, que non están exentas de certa complexidade, no curto espazo de un mes, vai en detrimento da calidade que cabe agardar do labor consultivo que corresponde preceptivamente ao CES.

O CES considera necesario salientar que a premura de tempo derivada do trámite de urxencia impideu a análise total das alegacións presentadas polos diferentes Grupos que abranguían a totalidade do texto. Nembargantes, debe mencionarse que o contido do ditame adoptado por unanimidade e que comprende ata o epígrafe trinta e un do anteproxecto de lei, é froito do consenso dos membros da Comisión, polo que os votos particulares que figuran anexos ao mesmo, correspóndense con aspectos ou alegacións que, pola premura xa mencionada, non puideron ser obxecto do demorado exame da Comisión sectorial propoñente.

2 .- O anteproxecto de lei componse dun só artigo e dúas disposicións. Sen embargo o artigo único introduce noventa e seis modificacións na Lei 11/2008, do 3 de decembro de Pesca de Galicia.

A respecto desta técnica legislativa, o CES considera que sería máis recomendable a elaboración dun texto legal único e completo, que facilitase a comprensión do alcance, aplicación, dereitos e obrigas que se derivan da norma sectorial de pesca que resultará vixente unha vez incorporadas as modificacións desta nova norma, contribuíndo así á seguridade xurídica para

a cidadanía en xeral e particularmente para os actores económicos e sociais directamente concernidos.

3.- O CES considera fundamental que tanto o articulado como o preámbulo do anteproxecto de lei sometido a ditame, fagan unha referencia expresa á necesidade de consultar ao sector a través do propio Consello Galego de Pesca, órgano de consulta superior na pesca de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O CES considera que no remate da **Exposición de motivos** do anteproxecto de lei, deberíase facer constar que o mesmo foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

2.- O epígrafe un do artigo único engade un **apartado 23** ao **artigo 4**.

O CES entende que o epígrafe “*Uno*” do artigo único, débese substituír pola forma galega “*Un*”.

3.- Os epígrafes catro, cinco, seis e sete modifican o **artigo 7**.

O CES entende que neste artigo 7 debería incluírse a necesidade de consultar ao Consello Galego de Pesca con carácter previo á adopción de calquera medida de xestión e de conservación, agás medidas excepcionais debidamente xustificadas.

A efectos de clarificar as competencias correspondentes á consellería competente en materia de pesca no ámbito de adopción de medidas de conservación e xestión, o CES considera que na **letra a)** do **apartado 2** do artigo 7 do anteproxecto de lei, debería substituírse a expresión “(…) , *que poderán ser elaborados por iniciativa das entidades asociativas do sector; (...)*” por: “(…) *que poderán ser elaborados a proposta das entidades asociativas do sector (...)*”.

O epígrafe sete do anteproxecto de lei deixa sen contido a **letra i)** do **apartado 2** do artigo 7 da lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia, onde se establece que lle corresponde á consellería competente en materia de pesca o establecemento dos parámetros de avaliación dos procesos presentados polas diferentes organizacións, que determinen a concesión de axudas formalizadas a través de convenios ou contratos administrativos.

O CES considera que, en aras dunha maior transparencia e claridade, debería manterse explicitamente a citada competencia independentemente da

forma de formalización das axudas, en consecuencia o CES propón que se manteña o citado **apartado i)** redactado como segue:

“i) Establecemento dos parámetros de avaliación dos proxectos presentados polas diferentes organizacións, que determinen a concesión de axudas.”

4.- O epígrafe oito modifica o artigo 8 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia.

O CES considera que o **artigo 8** debería comezar *“Previa consulta coas organizacións do sector...”*.

O CES entende que se debería de substituír a expresión *“(...) e dos organismos mariños, dacordo coa normativa estatal e comunitaria ao respecto.”*, por *“(...) e dos organismo mariños, de acordo coa normativa estatal e comunitaria, cando estas sexan de aplicación obrigatoria.”*

O CES non considera oportuna a supresión dos **apartados a), b) e c)** e, por ende, dos criterios obxectivos e rigorosos para a comercialización das especies comerciais, existentes no artigo 8 da Lei 11/2008, de 3 de decembro. O CES entende que esta supresión provoca unha indesexable regresión na idea dunha política pesqueira autonómica, unha inseguridade xurídica e unha arbitraria desregulación do sector marisqueiro e pesqueiro que, en modo ningún, poden favorecerlo.

Por todo o sinalado o CES propón que se manteña no articulado da lei un **novo artigo 8** titulado *“Clasificación das zonas de produción e comercialización dos produtos delas extraídos”*, estruturado en dous apartados, un para as zonas de produción, coas modificacións propostas nos parágrafos anteriores, e o segundo dedicado ás medidas de comercialización con tres apartados a) b) e c), tal como se establecía no artigo 8 da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de Pesca de Galicia.

5.- O epígrafe catorce modifica o **artigo 16** da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia.

O CES considera oportuno esixir a pertenza dos buques á terceira lista, de tal forma que a redacción do citado artigo 16 fose a seguinte:

“Para o exercicio da pesca profesional soamente se poderán empregar embarcacións da terceira lista incluídas no Censo da frota pesqueira operativa e no Rexistro de buques pesqueiros de Galicia. Toda excepción a esta regra deberá ser autorizada de forma expresa, pola Consellería competente na materia”.

6.- O epígrafe vinte e seis modifica o **artigo 26** da Lei de Pesca de Galicia.

O CES propón que a redacción da **letra c** do **parágrafo 3** do artigo 26 sexa a que segue:

“c) A determinación dos tempos máximos de pesca, co obxecto de facilitar o control, a conservación dos recursos pesqueiros, e a compatibilización da pesca profesional e recreativa.”

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2009

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano

VOTOS PARTICULARES

VOTO PARTICULAR QUE PRESENTA

UGT-GALICIA

UGT Galicia quere manifestar algunhas alegacións quE por motivo da tramitación urxente deste anteproxecto non puideron ser sometidas á consideración dos restantes membros da Comisión sectorial 1.

Artigo 5. Preferencia das organizacións de produtores de base

UGT Galicia considera que se debería manter o artigo 5 da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de Pesca de Galicia. De convalidarse a preferencia que se introduce coa modificación da Lei (mantendo o deficiente e erróneo status co actual de produción, e no cal, o réxime de subvencións públicas cobra un interese preponderante), co interese político de eternizar as entidades que actualmente explotan os recursos que contan con resultados, nunha parte importante, certamente cuestionables en termos de biorendabilidade, resulta obvio que se incorrería nun automatismo pernicioso deixando de lado a axentes que podían contar coa suma de méritos obxectivos tan importantes como a acreditación de solvencia económica baixo os postulados de eficacia e concorrencia, a acreditación de cumprimento das obrigacións respecto a réxime presupostario, económico e contable, a acreditación dun aproveitamento e produción eficaz, racional sostible dos recursos pesqueiros e marisqueiros, a evitación da sobre pesca xeral dos recursos coa autoimposición de medidas correctoras, a busca de competitividade, a correcta declaración de capturas e beneficios dos seus socios, creación dunha política de emprego, etc.

Artigo 8. Clasificación das zonas de produción

UGT Galicia considera que a adición dun parágrafo final e a supresión dos apartados seguintes e, por ende, os criterios obxectivos e rigorosos para a comercialización das especies comerciais, que veñen a continuación, carrega unha indesexable regresión na idea dunha política pesqueira autonómica, unha inseguridade xurídica e unha arbitraria desregulación do sector marisqueiro e pesqueiro que, en modo ningún, poden favorecerlo.

Artigo 11 Apartado 3. Áreas de repoboación mariña

UGT Galicia valora positivamente a proposta, salvo no apartado 3º, que debería quedar totalmente suprimido para observar unha maior eficacia, obxectividade e transparencia das repoboacións mariñas necesarias, sendo desexable que fose realizada, directamente e a instancias dos técnicos da administración.

Artigo 18. Permiso de explotación para a pesca profesional

Consideramos que se debería manter o artigo 18 da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de Pesca de Galicia. A substitución da “licenza de pesca” polo antigo “permiso de explotación” non parece nestes tempos afortunada, representando un claro retroceso xurídico no desenvolvemento do sector extractivo pois a resposta áxil, flexible e sinxela que aparecía regulado baixo o concepto “licenza de pesca” desaparece dun modo inxustificado. Pásase dun instrumento doado, comprensible, de duración indefinida, con facilidade para posibilitar o uso de modalidades de pesca, tendo en conta a heteroxeneidade das capturas, eludindo trámites inoportunos, repetitivos e tediosos, para continuar cun sistema caduco, empiricamente falido e controvertido socialmente, claramente distorsionador dunha necesaria política pesqueira que propicie a mobilidade e a flexibilidade na actividade extractiva en relación co a capacidade dos recursos marisqueiros e pesqueiros.

Por todo o sinalado, UGT Galicia non considera axeitadas ningunha das tres modificacións propostas ao artigo 18.

Artigo 18 bis Expedición do permiso de explotación

Remitímonos á consideración realizada sobre a modificación do artigo 18.

Artigo 18 ter Obrigas dos titulares dos permisos de explotación

Remitímonos á consideración realizada sobre a modificación do artigo 18.

Artigo 21 Cambio temporal de modalidade

Remitímonos á consideración realizada sobre a modificación do artigo 18.

Artigo 39 Habilitación para o exercicio do marisqueo

Remitímonos á consideración realizada sobre a modificación do artigo 18.

Artigo 40 Permiso de explotación para o marisqueo a pé

Se debería manter o artigo 40 da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de Pesca de Galicia. En primeiro lugar, remitímonos á consideración realizada sobre a modificación do artigo 18, e tamén manifestarnos que a reforma proposta en materia de permisos de explotación de marisqueo a pé prexudica a un colectivo notable de profesionais, supón unha inxustificada discriminación con aqueloutros profesionais que contan cun permiso de explotación para a súa embarcación (temporalmente condicionado á vida do buque, a salvo seguridade e navegabilidade) e traizo a o espírito e a finalidade proclamada nesta modificación legal anunciada no preámbulo: unha “maior simplificación administrativa”. Mesmo supón unha desvantaxe co réxime anterior á Lei 11/2008 pois os permisos de explotación de marisqueo a pé concedíanse por un período de cinco anos e non de un polo que, a reforma proposta, resulta tamén contraditoria neste punto pois dificilmente se pode entender que un permiso se renove anualmente cando se concede por ese mesmo período de tempo.

A iniciativa non debería ir en contra do principio de simplificación da normativa en materia de recoñecemento de autorizacións habilitantes para exercer a actividade profesional co fin de non poñer trabas burocráticas innecesarias e molestas para o acceso ao traballo e ao emprego dun colectivo tan importante como é o do marisqueo a pé, o cal sería consubstancial á eficacia e estabilidade do sector e do sistema óptimo de regulación de dereitos individuais extractivos.

Artigo 41 Exercicio do marisqueo desde embarcación

Remitímonos á consideración realizada sobre a modificación do artigo 18.

Apartado 1 do artigo 42 Explotación dos recursos específicos

Remitímonos á consideración realizada sobre a modificación do artigo 18.

Apartado 2 do artigo 43 Recollida de algas e argazos

Remitímonos á consideración realizada sobre a modificación do artigo 18.

Artigo 62 bis Outorgamento da concesión no suposto de extinción por vencemento do prazo

Valoramos a proposta, salvo que se podería achacar ao procedemento esta-

blecido para a concesión, no suposto de extinción por vencemento do prazo, dunha excesiva discrecionalidade que puidese quedar anulado polo previsto no apartado 4 do artigo 52, segundo a redacción da modificación proposta.

Artigo 74 bis Flota pesqueira galega noutras augas

O devandito artigo é incompatible coas competencias delimitadas na Lei de Pesca Marítima do Estado e coa ordenación xurídica establecida, con carácter exclusivo en augas interiores, noutras comunidades autónomas por exemplo Asturias, Cantabria e País Vasco, polo que a súa mera existencia implicaría conflito territorial de todo punto innecesario.

Apartado 3 do artigo 79 As confrarías de pescadores

A introdución do último parágrafo resulta inadecuada, por impreciso, confuso e porque ademais conculca diversos ditames do Consello Consultivo de Galicia (p.e. 4 de novembro de 1997 ou 29 de xullo de 2002) e numerosas sentenzas dos Xulgados e Tribunais contencioso-administrativos, resulta contradictorio e incoherente coa natureza xurídica destas corporacións de Dereito público, a regulación do cal debe ser unha materia propia da “ordenación do sector pesqueiro”.

Razóns de seguridade xurídica e técnica normativa debería aconsellar a retirada ou polo menos modificación substancial do parágrafo terceiro deste artigo debido a que a súa errónea redacción permite crear a aparencia de que o réxime xurídico destas corporacións unicamente se atopa sustentando por unha descoñecida normativa particular, e que posto que no se detalla nin referencia nin tan sequera se remite a un desenvolvemento regulamentario, podería entenderse que é aquela nacida do ámbito privado de actuación, ámbito que por suposto se atopa excluído da tutela administrativa á que, indefectiblemente, deberían estar suxeitas as Confrarías de Pescadores de Galicia por razón das importantes funcións administrativas desenvolvidas conforme o artigo 15 da Lei 12/1983, de 14 de outubro, do proceso autonómico que, con carácter básico, contén as notas configuradoras básicas das Confrarías de Pescadores.

É por iso que debería engadirse, no presente artigo, unha proclamación e descrición clara a favor das facultades da tutela da administración e unha regulación, aínda sequera superficial, dos supostos de intervención pola

Administración autonómica das Confrarías de pescadores, cunha mínima des-
cripción dos supostos e presupostos de feitos, sen esquecer que o seu funcio-
namento debe estar suxeito, en todo caso aos principios de observancia da
legalidade, transparencia contable e democracia interna.

Por outra banda, a non derogación da Lei 9/1993, do 8 de xullo, de con-
frarías de pescadores de Galicia achega unha sorte de “fricción” normativa ao
afastarse dunha necesaria integración de textos normativos de carácter xeral
vixentes en materia de confrarías de pescadores e de impedir, dende unha
perspectiva técnica xurídica correcta, unha homoxeneización conceptual do
marco xurídico no que se deben desenvolver.

Artigos 80 a 88 que quedan sen contido

Consideramos que se debería manter tal e como se recolle na Lei 11/2008,
de 3 de decembro, de Pesca de Galicia.

UGT Galicia considera que se xera desconcerto xurídico coa supresión dos
artigos referidos xa que induce a interpretar que con tal decisión lexislativa
en modo ningún preténdese manter o seu réxime xurídico diferenciado, com-
plementario e coordinado senón, simplemente a existencia de lagoas norma-
tivas e unha desregulación de tan importantes entes co fin de esvaer a tutela
administrativa e o control administrativo desta Consellería de Mar sobre
aqueles actos e decisións dos órganos reitores de tales entidades que ostenten
natureza administrativa.

É necesario recordar que o artigo 27.29 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de
abril, que aproba o Estatuto de Autonomía para Galicia, establece que lle
corresponde a esta comunidade autónoma a competencia exclusiva en mate-
ria de Confraría de Pescadores, normal competencial que debe ser interpreta-
da nos termos do disposto no Real Decreto 3318/1982, do 24 de xullo e de
acordo co artigo 15.2 da Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonó-
mico, onde establecen que as corporacións de dereito público representativas
de intereses profesionais que existan ou se constituán no territorio da comu-
nidade autónoma axustarán a súa organización e competencias aos principios
e regras básicas establecidas na lexislación do Estado para as devanditas enti-
dades.

A regulación básica estatal das confrarías de pescadores atópase recollida

na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, ás que se lle dedica os artigos 45 a 51.

Esas normas organizativas e competenciais materializáronse na Lei 9/1993, do 8 de xullo de Confrarías de Pescadores de Galicia, onde se definen estas como corporacións de dereito público, dotadas de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que teñan encomendadas, as cales quedan suxeitas á tutela da Administración pública galega, que será exercida pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Unha doutrina consolidada do Tribunal Constitucional (STC 9/2001, do 18 de xaneiro) estableceu o contido de cada un dos títulos competenciais relacionados coa pesca marítima, sinalando que a regulación das confrarías de pescadores é unha materia propia da ordenación do sector pesqueiro.

Razóns de índole lexislativo e práctico aconsellarían integrar as citadas disposicións suprimidas nun único texto, como é a Lei de Pesca de Galicia, mantendo conceptos que se consideran válidos no desenvolvemento actual destas institucións e, sobre todo, aquelas relativas ao control e a tutela que a Administración Autonómica debe exercer sobre as Confrarías de Pescadores sobre numerosas materias que, no Decreto 261/2002 aparecían mencionadas expresamente, seguindo un acertado criterio de seguridade xurídica (ao teor das numerosas sentenzas recaídas ao longo destes anos nos Tribunais ordinarios e contenciosos-administrativos) no artigo 3, debendo quedar perfectamente clarificados tales aspectos, algúns deles xa resoltos polos órganos xudiciais.

Artigo 104 bis As empresas de transformación

Entendemos que este artigo resulta reiterativo pois o seu contido se pode extraer, perfectamente, dunha interpretación lóxica e racional do artigo 103 da norma.

Capítulo I do Título IX Axencia de desenvolvemento sustentable das zonas de pesca

Consideramos que se debería manter o citado capítulo do Título IX da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia.

UGT Galicia mostra a desconformidade coa supresión da, mellorable, Axencia de Desenvolvemento Sustentable das Zonas de Pesca. Coa citada supresión estase a privar a Galicia dun instrumento previsto na lexislación comunitaria, para o desenvolvemento, integración, planificación e coordinación entre as zonas e poboacións pesqueiras que pode resultar interesante e eficaz para conseguir o máis óptimo desenvolvemento integral da pesca, de entorno social e que organice as iniciativas e proxectos dos axentes sociais económicas das zonas costeiras que, dada a experiencia acumulada nestes anos, comprobouse que na xestión diaria actúan de modo inharmónico, ineficaz e en moitos casos estéril e desequilibrante ao non existir unha plena mobilidade dos medios de produción e unha conexión axustada a unha concentración racional das operacións no mercado, o que xera ineficacia económica, todo isto por non contar co apoio dunha estrutura adecuada respecto doutros colectivos profesionais e empresariais que contan co asesoramento e os investimentos oportunas para desenvolverse en niveis aceptables de explotación, produtividade, benestar, etc.

Mesmo a citada axencia podería xerar sinerxias favorables nas comunidades costeiras co fin de que o emprego no mar sexa atractivo para a xuventude (principio interesado pola PPC) e que, ao ser rendible e plenamente integrada, se converta nunha actividade vocacional atractiva a través dunha política de calidade no emprego.

Parágrafo 1 do apartado B) do artigo 136

A introdución deste tipo administrativo resulta innecesaria e arbitraria pois partindo da existencia de documentos oficiais de filiación e o emprego de medios técnicos ou telemáticos a disposición dos membros da Inspección e Vixilancia Pesqueira desta consellería, pódese coñecer e acreditar, sen marxe dúbida, a existencia ou non de título administrativo habilitante ou a documentación que se estableza regulamentariamente.

Artigo 137 Infraccións graves

Parágrafo 2 do apartado B)

Remitímonos á consideración realizada sobre a modificación do artigo 18.

Parágrafo 9 do apartado B)

Remitímonos á consideración realizada sobre a modificación do artigo 18.

Parágrafos 18, 19 e 20 do apartado B)

Remítimonos á consideración realizada sobre a modificación do artigo 18.

Disposición Transitoria Segunda. Confrarías de pescadores e das súas federacións

UGT Galicia amosa a súa desconformidade co expresado neste apartado, tal e como quedou reflectido en apartados anteriores, acerca da natureza e réxime xurídico das Confrarías de Pescadores de Galicia, de ineludible aplicación.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2009

.....

VOTO PARTICULAR QUE PRESENTA

O SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

O Sindicato Nacional de CC OO de Galicia emite este voto particular por entender que a Comisión non dispuxo de tempo suficiente para poder analizar a fondo o dito anteproxecto de Lei en cuestións tan importantes como a regulación das confrarías, a igualdade de oportunidades ou a seguridade, entre outras.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2009

VOTO PARTICULAR QUE PRESENTA

A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, queren manifestar algunhas consideracións que na súa opinión deberon ser tidas en conta no texto do Ditame ao Anteproxecto de Lei e que por motivos propios da tramitación urxente do anteproxecto, da carga de traballo da Comisión Sectorial 1 encargada deste e a propia extensión do texto sometido a Ditame, non puideron ser sometidas á consideración da Comisión Sectorial, recoñecendo nembargantes os esforzos de todas as organizacións representadas na devandita Comisión para chegar a un texto aprobado polo maior consenso posible, ata que o remate do prazo obrigou á finalización dos traballos sen ter a oportunidade de consensuar as observacións que de seguido presentamos e que polos motivos expostos, non puideron ser debatidas nin integradas de xeito consensuado no Ditame.

- **ARTIGO 74.bis)**

O artigo 74. bis debería incluír a previsión dun desenvolvemento normativo posterior, para a adopción das medidas en relación coa frota pesqueira galega noutras augas. Proponse a redacción seguinte: “a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia defenderá nos foros pertinentes e adoptará cantas medidas sexan precisas, mediante a correspondente normativa reguladora...”.

- **ARTIGO 77.bis)**

En relación co artigo 77. bis, o Confederación de Empresarios de Galicia quere facer notar a súa preocupación polo feito de que só se fala da adecuación da frota ó estado dos recursos en relación coa eliminación de frota. Talvez neste momento de revisión da Política Común de Pesca, non é momento axeitado. En todo caso, debería incluír a necesidade de consulta coas entidades representativas e o propio Consello Galego de Pesca. Proponse a seguinte redacción: “Correspóndelle á Consellería competente en materia de pesca, autorizar as accións encamiñadas á adecuación das distin-

tas frotas aos recursos dispoñibles, e propiciar a recuperación e o mellor aproveitamento destes, despois de consultar ás entidades representativas e ao Consello Galego de Pesca”.

- EQUIPARACIÓN DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Finalmente, deberían equipararse as infraccións, e sobre todo as sancións da Pesca Deportiva á Pesca Profesional, ao tempo que se poñen todos os medios posibles para diferenciar as accións que supoñen infracción da normativa de pesca deportiva, daquelas que son verdadeira pesca ilegal.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2009

